

NORMATIVA DE UTILIZACIÓN DO CENTRO DE CÁLCULO DO CITI

Esta normativa, pendente da aprobación pola Comisión Xestora do CITI, recolle os dereitos e os deberes dos usuarios que fagan uso do Centro de Cálculo do CITI, así como os procedementos a seguir.

Artigo 1. Para a utilización do Centro de Cálculo, en adiante CC, o solicitante deberá cubrir o impreso que a tal efecto atopará na web do CITI. No impreso figura, de xeito expreso, que o solicitante coñece esta normativa e se compromete a cumprila.

Artigo 2. Poderá solicitar acceso ao CC de xeito ordinario calquera investigador da Universidade de Vigo.

Artigo 3. Os usuarios rexistrados poderán solicitar o uso de recursos hardware, ou a instalación de novas librerías ou programas, ou mesmo a reconfiguración de algún dos equipos cubrindo o impreso correspondente que tamén se atopará na web do CITI, sendo responsabilidade súa as tarefas de instalación ou configuración, previa autorización por parte do centro. Ditas solicitudes serán analizadas polo responsable informático do CITI, quen as atenderá de xeito priorizado se é posible ou ben lles informará do motivo da súa denegación. En ditas solicitudes indicarán tamén para que tarefa de investigación van a ser empregados.

Artigo 4. Os usuarios comprométese a empregar os recursos asignados unicamente para as tarefas de investigación indicadas na solicitude. Calquera outro uso atípico deberá ser notificado.

Artigo 5. As contas de usuario, as cales permiten o acceso ós recursos do CC, son de carácter único e intransferible. Os usuarios comprométese a custodiar debidamente os contrasinais de acceso e a non compartilos con terceiras persoas.

Artigo 6. Os usuarios serán responsables de manter copias de seguridade dos datos almacenados no CC. Aínda que as políticas de limpeza periódica de datos serán públicas, en ningún caso o CITI se fará responsable de posibles perdas de datos.

Artigo 7. O acceso o CC poderase restrinxir de forma temporal cando sexa preciso realizar tarefas de mantemento ou reparacións. As intervencións notificaranse cun mínimo de 72 horas de antelación, sempre que sexa posible.

Artigo 8. A dirección do CITI resérvase o dereito da revocación da conta de usuario, que permite o acceso o CC, no caso de facer un uso indebido da mesma ou dos recursos asignados.

Artigo 9. O usuarios terán a obriga de entregar un informe sobre os traballos realizados no Centro de Cálculo. Este informe utilizarase unicamente con fins estatísticos. Enténdese que este informe non deberá comprometer a privacidade e viabilidade do proxecto levado a cabo.